



PNEUMOLOXÍA RECIBE DOUS PREMIOS NACIONAIS POLOS SEUS ESTUDOS BRONCOPLURAIS

- *Os traballos do residente Fernando Vargas e a pneumóloga Irene Lojo foron recoñecidos entre máis de un cento de investigacións presentadas no Congreso nacional da especialidade na área de técnicas broncopleurais*
- *A eficacia da nova técnica de elastografía e as alteracións xenéticas do cancro de pulmón, foron os temas dos estudos recoñecidos*
- *Ambas investigacións amosan parte dos resultados das teses de doutoramento que os dous facultativos están a desenvolver*

Vigo, 21 de xuño de 2023. Dous estudos do servizo de Pneumoloxía da Área Sanitaria de Vigo recibiron os dous galardóns que a *Sociedad Nacional de Neumología* concede na área de técnicas broncopleurais, de entre un cento de traballos presentados nesa categoría.

O premio SEPAR-Paciente foi para o residente Fernando Vargas por unha investigación sobre a *Elastografía*. Esta proposta recolle os resultados preliminares do seu proxecto de tese dirixido por profesionais do CHUVI, e matriculada no Programa de doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada da Universidade de Vigo, que coordina Carmen Sieiro.



Pola súa banda, a pneumóloga Irene Lojo recibiu o premio SEPAR-Oro polo estudo sobre o perfil molecular do *Derrame Pleural Maligno en cancro de pulmón non microcítico*. Este traballo de investigación, tamén dirixido por pneumólogos do propio servizo, enmárcase no Programa de Doutoramento de Medicina Preventiva da Universidade de Santiago de Compostela.



Elastografía, nova técnica diagnóstica

A elastografía é unha técnica que se está a implementar como complemento á ecografía para a caracterización da elasticidade dos tecidos, demostrándose útil para o diagnóstico de patoloxías hepáticas ou para procedementos como a ecobroncoscopia. O obxecto desta investigación era analizar a súa utilidade e fiabilidade no estudo de enfermidades pulmonares.

No traballo premiado comparáronse os valores da elastografía cos doutras probas xa contrastadas e descritas previamente na literatura. Segundo afirma o doutor Vargas "a



conclusión é que evidenciamos que se trata dunha técnica novidosa, accesible e dispoñible a pé de cama, e que pode ser útil para o diagnóstico diferencial das consolidacións subpleurais. Sen embargo, aínda é necesario continuar os estudos e ampliar a investigación.”

Alteracións xenéticas no cancro de pulmón

A outra investigación premiada tiña por obxectivo analizar a frecuencia do *Derrame Pleural Maligno* en pacientes con cancro de pulmón, o seu perfil molecular e a súa supervivencia.

O *Derrame Pleural Maligno* é unha complicación frecuente do cancro, sendo o cancro de pulmón non microcítico (células grandes) a causa máis habitual.

“É imprescindible establecer o diagnóstico do cancro de pulmón e determinar o seu perfil molecular para pautar as intervencións terapéuticas, e realizar un bo control da enfermidade. En definitiva, avanzar no coñecemento das alteracións xenéticas deste tipo de cancro para desenvolver tratamentos personalizados, máis dirixidos e eficaces”, explica a pneumóloga Irene Lojo.

Ambos traballos inclúense nas liñas prioritarias do Grupo multidisciplinar NeumoVigo I+i do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur. Segundo o responsable do Grupo e xefe de servizo de Pneumoloxía, Alberto Fernández Villar, “a investigación traslacional como a que se acaba de recoñecer a nivel nacional permítenos levar os avances científicos de forma rápida e directa ao paciente, e mellorar así a súa atención e seguridade”.